



CONVOCATORIA DUN CONTRATO EVENTUAL A TEMPO COMPLETO PARA PERSOAL TÉCNICO ADSCRITO AO DEPARTAMENTO DE COMUNICACIÓN

A Real Academia Galega convoca un concurso aberto para un **contrato eventual a tempo completo** para persoal técnico adscrito ao departamento de comunicación.

Período de contratación: **1 de setembro de 2021 - 31 de decembro de 2021**

REQUISITOS E BAREMO

- a) Licenciatura / grao en Comunicación Audiovisual. **(Ata 15 puntos)**
- b) Competencia demostrable oral e escrita en lingua galega. **(Ata 15 puntos)**
- c) Experiencia demostrable na creación de contidos audiovisuais en distintos soportes. **(Ata 30 puntos)**
- d) Entrevista. **(Ata 30 puntos)**

MÉRITOS

(Un punto por mérito ata 10 puntos)

- a) Formación complementaria e experiencia en produción, gravación, edición, montaxe e posprodución audiovisual.
- b) Formación complementaria e experiencia en fotografía.
- c) Formación e experiencia en deseño gráfico e animación (ilustración dixital, grafismos en movemento, 3D, grafismo audiovisual, maquetación...).
- d) Formación e experiencia en deseño web.
- e) Formación e experiencia en xornalismo dixital.
- f) Formación e experiencia en xestión de redes sociais.
- g) Formación e experiencia en gabinetes e en comunicación corporativa.
- h) Experiencia en medios audiovisuais e escritos.
- i) Coñecemento doutras linguas.
- j) Outros méritos.





FUNCIÓNS

- a) Creación de contidos audiovisuais: produción, gravación, edición, montaxe e posprodución audiovisual.
- b) Emisión en *streaming* de actividades presenciais e en liña a través de distintas redes sociais.
- c) Fotografía.
- d) Apoio nas principais tarefas de comunicación da RAG: elaboración de notas de prensa e boletíns, contidos para as páxinas web da institución (elaboración e edición de contidos sobre a actividade da RAG e divulgativos), dinamización da presenza da RAG nas redes sociais, deseño de material gráfico, colaboración na organización de actividades e na cobertura de actos públicos da Academia etc.

REMUNERACIÓN

A persoa seleccionada percibirá un salario bruto de 6.140,28 euros polo período de catro meses do contrato obxecto desta convocatoria.

PRAZOS

2 - 12 de xullo	Entrega de documentación segundo as indicacións que figuran a seguir.
14 de xullo	Publicación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas.
15 - 16 de xullo	Presentación de reclamacións. Este prazo tamén será válido para corrixir a documentación presentada, se é o caso.
19 de xullo	Publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.
23 de xullo	Publicación da listaxe das persoas seleccionadas e convocatoria para a entrevista persoal.
26 de xullo	Entrevista persoal. Sede da RAG (Tabernas 11, A Coruña).
27 de xullo	Publicación da listaxe de persoas seleccionadas por orde de prelación.
28 - 29 de xullo	Presentación de reclamacións, que serán resoltas de xeito inapelable polo Presidente da RAG.
30 de xullo	Publicación da listaxe definitiva.



INSTRUCCIÓN PARA A ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN

As persoas candidatas deberán achegar, no prazo establecido, e a través do correo electrónico difusion@academia.gal a seguinte documentación en formato pdf:

Documento A. Solicitud

- a) Datos de identidade e contacto: nome e apelidos, DNI, data de nacemento, lugar de nacemento, número de teléfono, correo electrónico, enderezo postal.
- b) Relación de título(s) académico(s).
- c) Relación de méritos alegados.

Documento B. Acreditación

Documentación acreditativa dos títulos académicos e méritos. Deberá incluírse en primeiro lugar os que acreditan o cumprimento dos requisitos.

Documento C. Portafolio

Portafolio que amose os principais traballos realizados de acordo co perfil da praza coas súas correspondentes ligazóns para poderen ser visualizados, ben a través da Rede (páxina web, Youtube, Vimeo...) ou ben a través dun *hosting* (Google Drive, Dropbox, OneDrive, Mega...). No caso de que as pezas audiovisuais se suban a un *hosting*, prégase que a calidade non supere os 720p e sexan en formato .MKV ou .MP4 e que as creacións realizadas con programas de deseño gráfico se presenten en .PDF ou .JPG.

O peso máximo total dos 3 arquivos anexos non pode superar os 40 MB

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN AVALIADORA

Presidencia: Margarita Ledo Andión

Secretaría: Iolanda F. Casal

Vogalías:

Ana Romaní Blanco

Fernando Redondo Neira

Nélida Cosme Abollo

A Coruña, 2 de xullo de 2021

